

CULTURA AUDIOVISUAL II

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Analice a imaxe e o seu significado, contestando as catro cuestións / Analice la imagen y su significado, contestando a las cuatro cuestiones:

- 1.1. Descrición: personaxes, situación, luz, cor / *Descripción: personajes, situación, luz, color.* (1 punto)
- 1.2. Planos, ángulos e composición / *Planos, ángulos y composición.* (1 punto)
- 1.3. Público ao que se dirixe, recursos e estereotipos que aparecen / *Público al que se dirige, recursos y estereotipos que aparecen.* (1 punto)
- 1.4. Comentario crítico sobre os valores formais, estéticos, expresivos e de significado da imaxe (mensaxe, emotividade...) / *Comentario crítico sobre los valores formales, estéticos, expresivos y de significado de la imagen (mensaje, emotividad...).* (2 puntos)



Fotografía: Campaña #CadaGestoCuenta
(<https://www.caritas.es/campanas/esta-navidad-mas-cerca-que-nunca/>)

PREGUNTA 2. Explique brevemente cinco dos dez apartados / Explique brevemente cinco de los diez apartados:

- 2.1. Elixa dous grandes compositores de BSO no cine e explique a súa obra / *Elija dos grandes compositores de BSO en el cine e explique a súa obra.* (1 punto)
- 2.2. Definición de micrófono / *Definición de micrófono.* (1 punto)
- 2.3. Funcións narrativas da música no cine / *Funciones narrativas de la música en el cine.* (1 punto)
- 2.4. Efectos visuais: disparos, sangue e explosións / *Efectos visuales: disparos, sangre y explosiones.* (1 punto)
- 2.5. As orixes do cine / *Los orígenes del cine.* (1 punto)
- 2.6. Explicación de tres fitos da historia da TV / *Explicación de tres hitos de la historia de la TV* (1 punto)
- 2.7. Os xéneros informativos en TV / *Los géneros informativos en TV.* (1 punto)
- 2.8. A radiofórmula musical / *La radiofórmula musical.* (1 punto)
- 2.9. Os formatos de opinión na radio / *Los formatos de opinión en la radio.* (1 punto)
- 2.10. A escenografía virtual / *La escenografía virtual.* (1 punto)

PREGUNTA 3. Desenvolva o seguinte tema: “Edición e montaxe no cine”, contestando as catro cuestións / *Desarrolle el siguiente tema: “Edición y montaje en el cine”, contestando a las cuatro cuestiones:*

- 3.1. Describa os procesos da edición e a montaxe no cine / *Describa los procesos de la edición y el montaje en el cine.* (1,25 puntos)
- 3.2. Equipos de profesionais que participan nas producións cinematográficas: describa as súas funcións. / *Equipos de profesionales que participan en las producciones cinematográficas: describa sus funciones.* (1,25 puntos)
- 3.3. Evolución histórica do cine ata a chegada da TV / *Evolución histórica del cine hasta la llegada de la TV.* (1,25 puntos)
- 3.4. O impacto da TV e de internet na evolución do cine / *El impacto de la TV y de internet en la evolución del cine.* (1,25 puntos)



Fotograma de “La noche americana”, de François Truffaut

PREGUNTA 4. Desenvolva o seguinte tema: “Os programas informativos na radio”, contestando as catro cuestións / *Desarrolle el siguiente tema: “Los programas informativos en la radio”, contestando a las cuatro cuestiones:*

- 4.1. Defina os seguintes programas informativos: boletín e magazine informativo / *Defina los siguientes programas informativos: boletín y magazine informativo.* (1,25 puntos)
- 4.2. A radiofórmula informativa / *La radiofórmula informativa.* (1,25 puntos)
- 4.3. Cite outros cinco formatos radiofónicos / *Cite otros cinco formatos radiofónicos.* (1,25 puntos)
- 4.4. Como se elabora un programa de radio? / *¿Cómo se elabora un programa de radio?.* (1,25 puntos)



CULTURA AUDIOVISUAL II

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas.** / El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, **solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.**

PREGUNTA 1. Analice a imaxe e o seu significado, contestando as catro cuestións. / Analice la imagen y su significado, contestando las cuatro cuestiones:

- 1.1. Descrición: personaxes, situación, luz, cor. / Descripción: personajes, situación, luz, color. (1 punto)
- 1.2. Planos, ángulos e composición. / Planos, ángulos y composición. (1 punto)
- 1.3. Público ao que se dirixe, recursos e estereotipos que aparecen. / Público al que se dirige, recursos y estereotipos que aparecen. (1 punto)
- 1.4. Comentario crítico sobre os valores formais, estéticos, expresivos e de significado da imaxe (mensaxe, emotividade...). / Comentario crítico sobre los valores formales, estéticos, expresivos y de significado de la imagen (mensaje, emotividad...). (2 puntos)



Fotografía: Campaña Unicef #LosNiñosMandan (https://twitter.com/unicef_es/status/932517635899707393)

PREGUNTA 2. Explique brevemente cinco dos dez apartados / Explique brevemente cinco de los diez apartados:

- 2.1. Woody Allen e a comedia dialogada. / Woody Allen y la comedia dialogada. (1 punto)
- 2.2. O son dixital. / El sonido digital. (1 punto)
- 2.3. A técnica de colocación do micrófono. / La técnica de colocación del micrófono. (1 punto)
- 2.4. Efectos visuais: a choiva, o vento e o chroma key. / Efectos visuales: la lluvia, el viento y el chroma key. (1 punto)
- 2.5. Citar algúns dos programas (softwares) máis empregados na edición de produtos multimedia. / Citar algunos de los programas (softwares) más empleados en la edición de productos multimedia. (1 punto)
- 2.6. Os sistemas NTSC, PAL e SECAM. / Los sistemas NTSC, PAL e SECAM. (1 punto)
- 2.7. Audiencias en TV: defina "target" e "share". / Audiencias en TV: defina "target" y "share". (1 punto)
- 2.8. Os programas deportivos na radio. / Los programas deportivos en la radio. (1 punto)
- 2.9. A radio como servizo público. / La radio como servicio público. (1 punto)
- 2.10. A música descritiva. / La música descriptiva. (1 punto)

PREGUNTA 3. Desenvolva o seguinte tema: “A BSO no cine western”, contestando as catro cuestións. / Desarrolle el siguiente tema: “La BSO en el cine western”, contestando las cuatro cuestiones:

- 3.1. A importancia da BSO no cine western. / La importancia de la BSO en el cine western. (1,25 puntos)**
- 3.2. O son diexético e o exemplo de John Ford. / El sonido diegético y el ejemplo de John Ford. (1,25 puntos)**
- 3.3. As funcións narrativas da música no cine. / Las funciones narrativas de la música en el cine. (1,25 puntos)**
- 3.4. Seleccione un dos grandes creadores de BSO na historia do cine e explique a súa obra. / Seleccione uno de los grandes creadores de BSO en la historia del cine y explique su obra. (1,25 puntos)**



Fotograma de “La diligencia”, de John Ford

PREGUNTA 4. Desenvolva o seguinte tema: “Os programas informativos na TV”, contestando as catro cuestións. / Desarrolle el siguiente tema: “Los programas informativos en la TV”, contestando las cuatro cuestiones:

- 4.1. Os programas informativos na TV. / Los programas informativos en la TV. (1,25 puntos)**
- 4.2. O control de realización en TV e a realización multicámara. / El control de realización en TV y la realización multicámara. (1,25 puntos)**
- 4.3. Medios técnicos que se empregan no plató para a realización dos telexornais. / Medios técnicos que se utilizan en el plató para la realización de los telexornais. (1,25 puntos)**
- 4.4. O equipo humano que participa na elaboración dos telexornais. / El equipo humano que participa en la elaboración de los telexornais. (1,25 puntos)**



Plató de informativos TVG

ABAU 2021
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CULTURA AUDIOVISUAL II
(Cód. 52)

Na corrección do exame de Cultura Audiovisual II aplicaranse os seguintes **criterios**:

Pregunta 1 (valor máximo 5 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a idea que se propón (en imaxe ou texto), plasmando a súa opinión razoada e crítica.

Valorarase a descrición xeral da imaxe que faga o alumnado, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria a través dos elementos referenciais da imaxe e do texto (tratamento destacado das cores na imaxe e nas mensaxes, personaxes, etc.). Valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a imaxe no contexto do seu significado e do seu valor comunicativo; así como a habilidade do alumno/a para explotar as posibilidades expresivas e comunicativas da imaxe (estética e mensaxe). Neste senso, valorarase positivamente tamén, o recoñecemento que faga o alumnado das funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos dos relacionados coa emotividade, a sedución ou a fascinación. Nos criterios de corrección teranse en conta, tamén as reflexións que faga o alumnado para relacionar a composición e estrutura da imaxe coa consecución dos seus obxectivos, incorporando a súa interpretación persoal sobre o público ao que consideran que se dirixe esta campaña publicitaria. En xeral, o alumnado tamén pode reflexionar sobre a dimensión social das mensaxes publicitarias e o valor comunicativo das campañas solidarias/humanitarias. Como parte dos criterios de corrección, premiarase a capacidade expresiva do alumnado (redacción e argumentación).

Como referencia de contexto, indicar que a imaxe correspóndese cunha campaña multimedia promovida por Cáritas en decembro de 2020 para mitigar coa solidariedade os efectos provocados pola COVID-19 nunhas datas tan sinaladas como o Nadal. A lenda “Esta Navidad, más cerca que nunca”, forma parte dunha campaña máis ampla titulada “Cada gesto cuenta”, destinada a paliar a dor de moitas familias sen recursos, as persoas sen emprego ou con escasas oportunidades e, por suposto, ás persoas maiores como colectivos máis afectados pola distancia física, o uso das máscaras e a frustración ante o coronavirus.

Trátase dunha campaña multimedia que pon o foco nas palabras “NAVIDAD” e “cerca” para chamar a atención sobre a necesidade de cubrir con afecto a soidade das persoas maiores nun Nadal aínda condicionado pola distancia imposta polas medidas anti-COVID. Por iso na imaxe desta campaña pódense resaltar varios elementos: os cromatismos vermello e negro na mensaxe central que constrúe un xogo de palabras a través da combinación das palabras destacadas en torno á mensaxe central “Navidad cerca”; a combinación de tipografías en maiúsculas e minúsculas da mensaxe; así como as imaxes en segundo plano da estrela e o portal como símbolos do Nadal, cun efecto difuminado. O obxectivo é resaltar a idea central da campaña que se lanzaba a finais do ano 2020 nun contexto especialmente complicado: é o primeiro Nadal despois dos duros confinamentos e vívese tamén en medio de fortes medidas restritivas que impiden os tradicionais encontros familiares. Nesta situación, a campaña de Cáritas ten como finalidade propoñer as vivencias do Nadal recuperando unha proximidade, non medida en metros, se non en xestos con quen máis os precisan. Trátase de rachar simbolicamente coas distancias e

estar máis preto de quen afrontan unhas condicións de precariedade a causa da pandemia. Un colectivo especialmente sensible nestas simbólicas data é o das persoas maiores que viven a dor da ausencia de quen non os pode acompañar, ben polos falecementos provocados pola COVID-19, ben polas medidas restritivas que impediron os reencontros. Ademais dos textos, cómpre mencionar elementos que integran a composición da imaxe como o especial protagonismo que adquiren as máscaras azul e branca sobre os rostros onde predomina o valor e o significado da mirada en clave, tamén, interxeracional. Estas e outras interpretacións razoadas que poda facer o alumnado entenderanse como correctas sempre e cando se xustifiquen debidamente en torno á mensaxe central da campaña.

Unha campaña que, por outra parte, ten unha dobre funcionalidade: divulgativa dunha triste realidade; e de sensibilización e de concienciación cidadá para mitigar, na medida do posible, os efectos da pandemia nunhas datas tan simbólicas. Finalmente, destacar que a campaña #CadaGestoCuenta é de carácter multimedia como se evidencia no uso do hashtag que conduce a un escenario de difusión online, especialmente a través das redes sociais. Nos criterios de corrección teranse en conta as diversas interpretacións que o alumnado poda facer arredor desta idea xeral e dos obxectivos da campaña. Esta campaña pódese consultar en Internet, na web:

<https://www.caritas.es/campanas/esta-navidad-mas-cerca-que-nunca/>
<https://caritasdeleon.org/cat/campanas/>

Pregunta 2 (valor máximo 5 puntos), valoraranse os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade o que se contempla nestes criterios de avaliación, pero sí que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión. **Nota importante:** aínda que o/a alumno/a responda máis cuestións, valoraranse unicamente as 5 primeiras respostas que o/a estudante presente nesta pregunta do exame.

Pregunta 3 (valor máximo 5 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral é a edición e montaxe no cine. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre os procesos da edición e da montaxe no cine, os equipos profesionais que participan nas producións cinematográficas (ampliándose a todas as súas fases), a evolución histórica do cine ata a chegada da TV e o impacto da televisión e de internet na evolución do cine. Valorarase igualmente que o alumnado responda a cada apartado da pregunta de xeito independente, ou que faga unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.

Pregunta 4 (valor máximo 5 puntos). Ao igual que na pregunta 3, os criterios de corrección contemplan unha valoración positiva sobre a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral refírese á radio e os programas informativos. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre como se definen e que importancia teñen os programas informativos no medio radiofónico, unha explicación xeral sobre a radio fórmula informativa, así como o coñecemento doutros cinco tipos de formatos radiofónicos e, finalmente, unha breve explicación sobre como se elabora un programa de radio. Valorarase igualmente que o alumnado responda a cada apartado da pregunta de xeito independente, ou que faga unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.

ABAU 2021
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CULTURA AUDIOVISUAL II
(Cód. 52)

Na corrección do exame de Cultura Audiovisual II aplicaranse os seguintes **criterios**:

Pregunta 1 (valor máximo 5 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a idea que se propón (en imaxe ou texto), plasmando a súa opinión razoada e crítica.

Valorarase a descrición xeral da imaxe que faga o alumnado, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria a través dos elementos referenciais da imaxe e do texto (tratamento destacado das cores na imaxe e nas mensaxes, personaxes, etc.). Valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a imaxe no contexto do seu significado e do seu valor comunicativo; así como a habilidade do alumno/a para explotar as posibilidades expresivas e comunicativas da imaxe (estética e mensaxe). Neste senso, valorarase positivamente tamén, o recoñecemento que faga o alumnado das funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos dos relacionados coa emotividade, a sedución ou a fascinación. Nos criterios de corrección teranse en conta, tamén as reflexións que faga o alumnado para relacionar a composición e estrutura da imaxe coa consecución dos seus obxectivos, incorporando a súa interpretación persoal sobre o público ao que consideran que se dirixe esta campaña publicitaria. En xeral, o alumnado tamén pode reflexionar sobre a dimensión social das mensaxes publicitarias e o valor comunicativo das campañas solidarias/humanitarias. Como parte dos criterios de corrección, premiarase a capacidade expresiva do alumnado (redacción e argumentación).

Como referencia de contexto, cómpre indicar que a imaxe correspóndese cunha campaña multimedia promovida por Unicef na que se reivindica o dereito dos nenos e as nenas á educación e a ter voz na sociedade. Coa lenda “¡Hoy mando yo!” identifícase unha campaña máis ampla conectada cos obxectivos da Unesco que traballa para garantir os dereitos infantís a unha educación universal, inclusiva e de calidade, especialmente nos países máis desfavorecidos. Ademais, esta campaña forma parte dunha reivindicación universal do dereito a que se escoite a opinión dos máis pequenos.

Trátase dunha campaña multimedia que pon o foco nas palabras “**¡HOY MANDO YO!**” e no *hashtag* **#LOSNIÑOS MANDAN**, así como no logotipo que identifica á entidade promotora da campaña: **Unicef**. O obxectivo desta campaña está relacionado coa celebración do Día Universal da Infancia para visibilizar á infancia e chamar a atención sobre os seus dereitos. Entre eles, acudir ás aulas e ter voz na sociedade. Trátase de poñer por un día ao mando dos medios de comunicación, a política, as empresas ou o deporte aos menores dos máis de 130 países aos que se dirixe esta campaña porque os máis pequenos teñen moito que dicir. Na imaxe, ademais da mensaxe central, pódense resaltar outros elementos como os cromatismos máis destacados, as tipografías en maiúsculas, as expresións dos rostros dos nenos e das nenas (destacando as miradas e as bocas abertas simulando a fala), os brazos erguidos e os dedos índices despregados e xirados cara as caras dos menores identificando o seu protagonismo. Estas e outras interpretacións razoadas que poda facer o alumnado entenderanse como correctas sempre e cando se xustifiquen debidamente en torno á mensaxe central da campaña.

Unha campaña que ten unha dobre funcionalidade: divulgativa da realidade dos nenos e as nenas de países desfavorecidos ao seu dereito ao ensino, e de sensibilización e concienciación cidadá porque no ensino está a forza da voz infantil ante os distintos temas que afectan á sociedade no seu conxunto. Finalmente, destacase que a campaña #losniñosmandan é de carácter multimedia como se evidencia no uso do *hashtag* que conduce a un escenario de difusión online, especialmente a través das redes sociais. Nos criterios de corrección teranse en conta as diversas interpretacións que o alumnado poda facer arredor desta idea xeral e dos obxectivos da campaña que se pode consultar en Internet:

https://twitter.com/unicef_es/status/932517635899707393

Pregunta 2 (valor máximo 5 puntos), valoraranse os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade o que se contempla nestes criterios de avaliación, pero sí que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión. Nota importante: aínda que o/a alumno/a responda máis cuestións, valoraranse unicamente as 5 primeiras respostas que o/a estudante presente nesta pregunta do exame.

Pregunta 3 (valor máximo 5 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral é a BSO no cine western. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre a importancia da BSO no cine western, para explicar o concepto do son diexético a través do exemplo da obra de John Ford, así como para abordar as funcións narrativas da música do cine e, finalmente, seleccionar un dos grandes creadores de BSO na historia do cine e explicar a súa obra. Valorarase igualmente que o alumnado responda a cada apartado da pregunta de xeito independente, ou que faga unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.

Pregunta 4 (valor máximo 5 puntos). Ao igual que na pregunta 3, os criterios de corrección contemplan unha valoración positiva sobre a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral refírese á televisión e os programas informativos. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre como se definen e que importancia teñen os programas informativos no medio televisivo, unha explicación xeral sobre o control de realización en TV e a técnica da realización multicámara, así como o coñecemento dos medios técnicos que se empregan nun plató de TV para a realización dos telexornais e, finalmente, unha breve explicación sobre o equipo humano que participa na elaboración dos informativos en TV. Valorarase igualmente que o alumnado responda a cada apartado da pregunta de xeito independente, ou que faga unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.